

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	26 de NOVIEMBRE de 2020
Duración	Desde as 20:00 ata as 22:05 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	NON
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI



76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI
Escusas de asistencia presentadas: MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO por asuntos persoais.		

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Aprobación actas sesións plenarias correspondentes ao Pleno ordinario do 24.09.2020 e ao Pleno ordinario do 29.10.2020, a aprobación de ambas actas por unanimidade.

2. Expediente 884/2020. Órganos Colexiados (Constitución, Modificación ou Supresión)

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

O Sr. González expón que se trata sobre a celebración da Xunta de Goberno Local, propoñemos dende o Goberno un cambio, que pase de luns a martes por cuestións de conciliación e que pase aos martes ás 18:00 horas.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que expón que como manifestou Sr. Alcalde este cambio de datas é debido a temas de conciliación, como a este órgano colexiado, a Xunta de Goberno Local, tanto asisten os membros de Goberno que corresponden como os traballadores que son requiridos, esperamos que eses traballadores fosen consultados para que eles teñan a oportunidade de conciliar a súa vida laboral e familiar igual que os membros do Goberno. Sendo deste xeito non temos nada máis que engadir ao respecto.



Toma a palabra o voceiro do BNG o Sr. Núñez que indica que eles non van poñer ningún impedimento para que o Goberno poida desenvolver o seu traballo correctamente e tamén entendemos que foi consensado cos traballadores e traballadoras que participan nestas xuntanzas.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que efectivamente foi consensado cos traballadores que levantan acta desas sesións e polo tanto non hai ningún problema neste sentido.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 1 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1abstención

ACORDO

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. Manuel González López, alcalde do Concello de Outes (A Coruña), propoño ao Pleno da Corporación o seguinte **ACORDO**:

Que visto o acordo do Pleno de organización do Concello de Outes do 4 de xullo de 2019 e consonte a periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local, nas que se recolle que a mesma se celebrará en sesión ordinaria cunha periodicidade quincenal, cada luns correspondente, ás 17:30 horas.

PRIMEIRO-. Modificar o día e hora das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local por motivos organizativos da Alcaldía e que as mesmas se desenvolvan en sesión ordinaria cunha periodicidade quincenal, cada martes correspondente, ás 18:00 horas.

SEGUNDO-. Que dita modificación entre en vigor a partir do día seguinte da aprobación do presente acordo.

3. Expediente 869/2020. Modificación de Crédito



Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González que indica que se presentou unha enmenda e polo que por cuestións procedimentais facer unha presentación da proposta de Alcaldía e posteriormente como vexo que é unha enmenda asinada polos tres grupos que fagan a presentación da enmenda e despois pásase a debater a enmenda e votar esa enmenda e se esa enmenda e se esa enmenda apróbase incorpórase ao acordo.

Continúa o Sr. González expoñendo a proposta de Alcaldía indicando que como saben fai tempo o Goberno central decidiu a suspensión das regras fiscais que limitaban o uso do remanente ás administracións locais dende a aprobación da “lei Montoro”. Esta posibilidade de usar os remanentes ten que ver coa situación actual, coa situación que vivimos de pandemia do COVID, pero en calquera caso atende tamén a unha demanda longa, unha demanda que se leva plantexado polas administracións locais que son as que máis remanentes atesouran e dende hai tempo. Unha demanda para poder utilizar na mellora dos bens os servizos das actuacións das administracións locais, en definitiva para atender ás necesidades da cidadanía. Esta posibilidade de usar os remanentes ábrese a partir do 20 de outubro, hai apenas un mes, logo de que houbera posibilidade de que os Concellos lle prestasen ao Estado parte deses remanentes e esa proposta do Goberno inicial non chegou a bo fin. Polo tanto, abriuse esta posibilidade.

Continúa indicando o Sr. González que esta é unha posibilidade que o Concello de Outes lle permite desenvolver actuacións moi necesarias, a suspensión das regras fiscais prodúcese para 2020 e para rematar en 2021 e nese período hai que ter executadas as actuacións que se plantexan e visto o escenario este grupo de Goberno como non pode ser doutro xeito ponse a traballar. Xa había proxectos nos que levaba traballando fai tempo pero ábrese a posibilidade de que se poidan levar a cabo. Como vostedes coñecen o que se plantexan son unha serie de actuacións destinadas a solventar problemas importantes, a responder a demandas e necesidades que ten o Concello dende hai anos e da mellor maneira posible no curto prazo.

Indica o Sr. González que como puideron ver na proposta da Alcaldía recóllense actuación que ascenden a algo máis dun millón e medio de euros que están recollidas en catro bloques diferentes. O primeiro bloque, que é o máis



importante, é o das actuacións que van destinadas á mellora do sistema na rede de saneamento, en concreto case 600.000€ deste millón e medio. En concreto dentro destas actuacións hai unha máis salientable que é a reforma e mellora que leva anos sen funcionar de forma óptima. Tamén inclúese algunha actuación nova en lugares da parroquia de San Ourense e tamén a reparación da EDAR de Cando por mal estado da mesma.

O segundo bloque vai destinado a mellora de camiños, estradas e humanización de vías no que se plantexan aproximadamente 450.000€ e aquí recolleemos actuacións que propuxeron grupos deste mesmo pleno, así como unha serie de actuacións que xa foron aprobadas aquí no pleno incluídos no POS complementario 2020, pero que finalmente a Deputación non nos vai a financiar este ano. Non aprobou estes proxectos que son de pavimentación porque derivado da situación do COVID a Deputación reduciu o POS Adicional nunha cantidade moi importante houbo que cubrir outras necesidades, como por exemplo o PEL-Reactiva, e outras necesidades e reduciu de forma importante a cantidade que habitualmente lle destina ao Concello de Outes para o POS. Nós consideramos que tendo eses proxectos aprobados sendo necesarios levalos a cabo o máis lóxico, se temos os recursos, é financiarlos agora cos remanentes. Únese a senda peonil para a seguridade vial de acceso á piscina municipal e humanización da Rúa Doutor Esperante.

Continua o Sr. González indicando que outro bloque de actuacións que se propoñen van destinadas a algo que cree que son todos conscientes que é o momento de espazos e infraestruturas públicas, incluídos edificios. De novo aquí hai catro proxectos que foron incluídos no POS 2020 e que non vai a financiar finalmente a Deputación como son: o arranxo do paseo fluvial da Serra, o paseo fluvial do Freixo e de Broña, a ampliación da sede de club Taxamar (Ponte Nafonso) e acondicionamento da antiga Escola de Tarás.

De novo, entendemos que son proxectos aprobados por este Pleno que agora temos a opción de financiarlos cos remanentes, polo tanto, de non agardar a outro POS. Por ese motivo propoñemos a financiación cos remanentes así como unha serie de actuacións máis pequenas destinadas ao mantemento de edificios.

Outro bloque importante é a adecuación do Colexio do Cruceiro de Roo para acoller o P.A.I., agora estase desenvolvendo unha segunda fase pero para telo rematado e para acoller ó P.A.I. precisamos facer unhas obras importantes que ascenden a 170.000 euros que é unha necesidade. Tense salientado que o lugar do P.A.I. non é o máis adecuado e por iso parécenos que a planta baixa do Colexio



Vello do Cruceiro de Roo pode ser un bo espazo para este.

Finalmente incluímos unha serie de proxectos de promoción económica que van destinados a elaborar os estudos pertinentes para actuacións de futuro moi importantes, como o Plan de mobilidade (elaboración urbana sostible, elaboración da modificación para que o Plan Xeral teña unha área destinada a chan industrial, isto é un proxecto que ten o seu traballo e precisa de orzamento importante). Tamén estamos implicados en apoiar a aldea modelo que se vai desenvolver en Cuns (parroquia de Cando) e é necesario unha labor de apoio técnico importante e tamén complementar as axudas a autónomos e empresas que xa se están a desenvolver (o Pel-reactiva dotado de 77.000€) que debería ter máis fondos ao noso parecer.

Continúa que resolven necesidades, hai que traelas agora porque a suspensión da regra de gasto realízase no 2020-2021 e esta é a forma de realizalo cun orzamento liquidado, temos agora liquidado o de 2019 e por iso debemos facelo agora. Tratamos de incluír actuacións necesarias e propostas e es esta era a oportunidade e para incentivar a economía local.

Presenta a enmenda o voceiro do BNG o Sr. Núñez que se presenta conxuntamente con relación á proposta da Alcaldía anteriormente presentada.

Existe enmenda presentada polos grupos municipais en conxunto do BNG, PP e PSOE-PSdG ao abeiro do establecido no artigo 97.5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais formula, á parte dispositiva do punto número 3 da orde do día do Pleno ordinario do 26 de Novembro, denominado “Expediente 869/2020 Modificación de Crédito”, a seguinte:

EMENDA

Unha vez analizada a proposta de modificación de créditos orixinal consideramos que o goberno municipal inseriu elementos que debe afrontar, sen problema ningún, cos fondos dos que dispón no orzamento vixente (no caso de investimentos pequenos menores de 40.000€) e resto de obras corresponden e deben ir ao próximo POS -2021.

A regra de gasto foi reiterada con motivo dunha crise gravísima que estamos a vivir e está para darlle solución aos problemas máis graves do noso concello e tentar paliar e mellorar a situación causada polo COVID-19. Na proposta orixinal



non existen partidas (orixinais do concello, non o PEL) para axudar aos traballadores do noso concello, non existe un plan de emprego, non está contemplado a posta en marcha dunha bolsa de vivenda local (tal e como estaba aprobado en pleno).

O goberno amosou unha falta total de vontade de diálogo coa oposición para chegar a un acordo que realmente beneficie a veciñanza e lle dea solución aos problemas graves e urxentes.

Consideramos que o máis correcto é aprobar o realmente urxente desta proposta (Saneamento, Abastecemento e PEL) e instar ao goberno a mudar a súa actitude e entrar no camiño do diálogo e da democracia para futuros acordos plenarios que é o que demanda a veciñanza.

Esiximos que o goberno traballe intensamente para conseguir subvencións para o acometemento das partidas resultantes desta enmenda e que se informe debidamente á corporación municipal dos mesmos.

Dito isto e os diferentes motivos que expoñen os grupos nas súas intervencións vémonos na obriga de presentar a seguinte enmenda.

CONTIDO DA ENMENDA

Substitución do PRIMEIRO punto do acordo:

Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 869/2020, do Orzamento en vigor, na modalidade de Crédito extraordinario 1/2020, e suplemento de crédito 2/2020 pola cantidade total de 643.262,92€, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, de acordo ao seguinte detalle:

Aplicación de gastos:

Aplicación		Descrición	Crédito extraordinario 1/2020	Suplemento de crédito 2/2020
Progr.	Económica			
160	21300	Limpeza de 8 pozos de bombeo fecais	5.650€	
160	60900	Saneamento Quintela e	153.719,30€	



		Ousesende		
160	60900	Entroque saneamento de Brión de Abaixo a colector xeral	16.798,87€	
160	61900	Mellora saneamento no Cruceiro de Roo (cruce igrexa a colexio)	46.528,84€	
160	63200	Reforma e mellora da EDAR de Outes	325.136,57€	
160	63200	Reparación da EDAR de Cando	47.354,97€	
161	61900	Ampliación rede de abastecemento na Av. San Pedro da Serra de Outes.	8.073,67€	
439	47900	Complemento PEL-REACTIVA	0.00€	40.000€
TOTAL			603.262,92€	40.000€

Aplicación de ingresos:

Aplicación económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	8700	Remanente líquido de tesourería para gastos xerais	643.262,92€
			TOTAL INGRESOS	643.262,92€

DEBATE ENMENDA

O Sr. González pregunta o procedemento o que lle é asesorado e contestado pola Secretaria da Corporación.

Expón o Sr. González que eles deberían ter a opción de contestar esa enmenda e incita ao debate entre os diferentes membros. Intervén a Sr. Molinos indicando que o criterio da Secretaria é o que ten que terse en conta.

Toma a palabra a Secretaria da Corporación para explicar o procedemento, no que se aclara que será primeiro o debate sobre a enmenda e posteriormente realizarase a votación para a inclusión da enmenda no acordo ou non. En caso de que a enmenda quede introducida no acordo debaterase o acordo en conxunto e posteriormente votárase a totalidade do acordo coa enmenda incorporada no seu caso.



Intervén a Sra. Molinos para que se lle aclare o procedemento de novo que se vai a seguir ao que a Secretaria da Corporación indica de novo o procedemento sinalado anteriormente.

Toma a palabra a Sra. Molinos que comeza expoñendo que o Sr. Alcalde fixo unha vez máis e que iso non vai ter remedio, sinala que fai referencia ao proceder á hora de ter en conta o consenso coa oposición para tomar decisións como esta que nos ocupa sen ter presente que vostedes gobernan en minoría e que a maioría deste Pleno está no que queda fora do seu grupo. A falta de dialogo e consenso pola súa parte, tradúcese en que en vez de aprobar unha proposta participativa e xusta baseada en criterios de representación os 3 grupos da oposición teñamos que presentar unha enmenda conxunta para que se escoite a voz que nos outorgaron a maioría dos veciños. Nós pensamos que a maioría das actuacións propostas deberían ser canalizadas a través de outras vías como plans de obras, convenios, etc. Non entendemos tampouco que se utilicen cartos do remanente para financiar conceptos que tiñan que encaixar no orzamento anual (mantemento de instalacións, pagos facturas, etc.).

Continua a Sra. Molinos que parécelles chamativo que na súa proposta dos máis de 1,5 millóns de euros que 429.000 se correspondan a contratos menores que non precisan pasar por un proceso de licitación e preguntámonos tamén cal é a súa capacidade de xestión para conseguir financiamentos por parte de outras administracións. Parécenos bastante pouca e hai actuacións que pretenden financiar con fondos propios cando o máis normal é que buscasen a participación por outros organismos.

Coa enmenda cremos que se acometerían as actuacións máis urxentes e necesarias como son as que teñen que ver co saneamento e o abastecemento e a achega para o incremento do emprego local. Con todo isto nós de ningunha maneira estamos en contra de que se acometan actuacións que se propoñen, moitas delas propostas no seu día polo noso grupo, e cita algunhas delas. O que queremos é que as acometan por outras vías que sexan as adecuadas. Non sabemos o que vai a pasar coa pandemia e poida que volvamos a ter necesidades do mesmo tipo, polo que consideramos que debe estar o remanente para poder facer uso deste no seu caso. Por outra banda, publican vostedes nos medios e nas redes sociais que a posibilidade de usar os remanentes municipais permítenlles acometer diferentes actuacións. Fai un inciso e indica que dese 1,5 millóns de euros esquécese das parroquias de Valadares e de San Mourente e en parte da de San Lourenzo.



Continua indicando que o que lles permite facer eses gastos susténtase nos fondos que vostedes herdaron e que son froito da xestión feita durante anos pola economía municipal. Non sabemos se esa xestión foi feita por vostedes, seguramente que o que sucedeu nas contas do ano pasado. Foron vostedes capaces de converter os resultados do ano 2018, un superávit de máis de 1,2 millóns, no resultado das arcas de 2019 cun déficit de máis de 800.000€ sen mellora dos veciños de Outes e sen un cambio. Dos preto de 5 millóns de remanente que se atoparon vostedes cando chegaron ao goberno levan gastados 533.000 no superávit do 2018, 188.000 na achega do IDAE e propoñen un gasto de 1,5 millóns máis nesta modificación de crédito. En menos de un ano e medio poñer ao Concello con 4 millóns de euros cara atrás de economía do Concello. A este ritmo non queremos nin pensar como estarán as contas do Concello dentro de dous anos.

Para finalizar e para que se entenda ben, que con esta enmenda o noso grupo non se está negando a que se acometan ningunha das obras que se propoñen, queremos que se fagan con outra vía de financiamento. Que quede claro para que vostede non diga que as actuacións non se poden facer polo PP.

Toma a palabra o voceiro do BNG o Sr. Núñez que indica que cando escoitaba ao Sr. Alcalde lembrárase das palabras do Concelleiro de Deportes que dicía que había que falar máis nas Comisións. Vostede aquí fala con detemento da proposta mentres que na Comisión non só no a expuxo debidamente senón que obviou as preguntas do BNG. O debate non existe, a oposición no recibiu ningunha chamada para un acordo para estas propostas. É moi triste que o Goberno local pretenda facer este gasto sen chegar a ningún tipo de acordo ou consenso co resto dos grupos. Nas Comisións o BNG propúxolle chegar a un consenso que resultaba beneficioso para a veciñanza, vostede quixo silenciar e obviar as preguntas do BNG e iso é inaceptable. A actitude soberbia, prepotente e autoritaria do seu Goberno resulta pésima da xestión do noso Concello e non será por chamamentos e ofrecementos polo BNG.

Vostedes falan de Goberno máis democrático do Concello de Outes, non sabemos onde está, vostedes falan de diálogo, onde? Non o vemos, falan de Goberno máis participativo. Todo propaganda, ningún feito que avale as súas palabras. Reitórolle que os Concelleiros non somos unha peza de decoración, somos lexítimos representantes do Concello de Outes, tan lexítimos como vostede. O Salón de Plenos é a viva voz dos veciños de Outes e se non ve iso non é digno de ser o Alcalde do Concello de Outes.



Con relación á enmenda o que se pretende é salvagardar as actuacións de saneamento, abastecemento e suplemento de crédito par ao PEL, son as cuestións urxentes. Hai que saber diferenciar entre a urxencia e a conveniencia ou necesidade relativa das cousas.

O BNG non está en contra das distintas obras do Goberno, nalgunhas temos certas dúbidas e nutras pensamos que existen propostas mellores e máis económicas, se non se fala iso non se pode resolver.

O saneamento da nosa ría é unha tarefa pendente dende hai moitos anos e que precisa dunha solución urxente pero que debe ser ben plantexada. Estas actuacións entendemos que son as primeiras de moitas a acometer no futuro. Máis esixímoslle ao Goberno que Outes remate o Plan para o saneamento municipal que se aprobou neste Pleno fai máis dun ano a proposta do grupo municipal. Seguimos sen ver unha páxina dese plan.

En canto ás obras que se propoñen nesta modificación de crédito temos que resaltar que se van facer e non valen escusas dende o goberno, as obras o Goberno deberá mantelas no Plan da Deputación que teremos que someter á votación no Pleno nos vindeiros meses. Esa é a vía correcta de financiamento.

Hai unha pretensión na súa proposta que é a de meter o pago de facturas xa realizadas que deberían ir ao orzamento vixente, ao o Goberno contrata empresas sen ter previsión? Son tan malos gobernantes?

Sinala o Sr. Núñez que o problema maior que atopa o BNG é que non dedican nin un só céntimo no Plan de creación de emprego local propio, promoción económica e consumo local nin un plan de emerxencia social que é urxente. É unha moi mala xestión dos recursos cousa que o BNG velará sempre e chegará a onde faga falta. O que pase hoxe é unicamente responsabilidade do seu Goberno, en ningún momento houbo diálogo. Insistimos no diálogo é a base dunha boa xestión e preocúpense polos problemas de Outes, para avanzar precisamos diálogo, transparencia e consenso. O BNG sempre estará.

Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do Partido Socialista que indica que despois das intervencións dos compañeiros comprenderá que algo estará facendo mal. Ten unha actitude chulesca e ten vostede unha actitude de que aquí faise isto e xa está. Saiba vostede que nas mellores familias houbo e hai problemas por enterarse antes pola prensa que polos familiares. Diálogo. Inicia a lecturas das definicións de diálogo da Real Academia Galega. Indica que o que fai o Goberno



en vez de diálogo é un anuncio, un anuncio ao grande, por medio de redes sociais, prensa escrita, televisión, ante isto só lle faltou a vostede o diálogo. Faltoulle diálogo, diplomacia e elegancia, debía de ser características dun bo político, reitera.

Pola súa parte e por calquera gobernante ter en conta que o uso dos remanentes, que por certo non son seus senón dos veciños, vostede quere gastar esa cantidade do remanente son de todos. A cantidade, 1,5 millóns se a divide vostede entre 13, representantes da Corporación, tócalle a cada un 115.384€. O Partido Socialista con esa contía podería propoñerlle X obras ou X gastos necesarios derivados da pandemia, polo dobre podería facelo o BNG e o PP e Co pola parte proporcional, iso é diplomacia e elegancia. Iso é o que non fai vostede, faino sen diálogo e sen debate coa oposición. O espírito do aprazamento da regra de gasto en consonancia coa UE, a situación con respecto aos remanentes ven derivada da crise provocada polo COVID, para loitar todas as administracións públicas para loitar contra a pandemia e protexer ás familias e as empresas. Sen embargo, non entendo e non vexo por ningún lado axudas ás empresas, comprométase vostede a supresión do cobro da recollida do lixo a esas empresas que a metade de tempo tiveron que cerrar, traia axudas para transformar eses establecementos que ven como a súa capacidade merma polas súas obrigas a cumprir, libere espazos nas rúas para que os establecementos da hostalería poidan ocupar parte da estrada e poñer terrazas sen custo para ampliar a súa capacidade e aumente a limpeza nos colexios e nos centros públicos do Concello, poña mascarillas a disposición dos nenos nos colexios que ao fin do cabo iso é un gasto que vostede aforra ás familias.

Finaliza a súa intervención o Sr. Caamaño dicindo obras si pero non así.

Toma a palabra o Sr. González para dicir que o grupo de goberno propoñía actuacións por 1,5 millóns de euros para solventar problemas dos veciños de Outes e vostedes recortan a proposta a metade. Vostedes non queren que se acometan obras de mantemento de obras e espazos públicos, os arranxos dos paseos fluviais e paseo marítimo, non queren que se acometan obras de humanización e seguridade vial ou non queren que acometamos a obra para que o Colexio acolla o P.A.I., e despois se non di que non facemos certas cousas, con esta decisión vostedes imposibilitan que se poidan facer certas obras a curto prazo. Esta é a realidade e non outra. Tanto é así que xa se dan conta, por iso os tres partidos poñen a venda antes da ferida. Cando din que non saia que a oposición lle tumba investimento cos que estamos de acordo e cos que estamos de acordo, vostedes xa están dicindo todo. Indica que é unha contradición, isto é



o que están facendo.

Continúa o Sr. González que o Goberno fixo o que tiña que facer, o Goberno ten que propoñer e dar resposta ás necesidades deste Concello e isto é o que pretendíamos facer no momento no que hai que facelo, no momento no que se nos permite usar os remanentes. Acusásenos de falta de diálogo, pero todos eran coñecedores de que íamos a levar obras de saneamento, obras que non se aprobaron no POS, obras do P.A.I., todos eran coñecedores porque tivemos reunións ou conversa telefónica cos diferentes grupos. Vostedes coñecían estas propostas.

O Sr. González diríxese ao grupo do PP indicando que fai un ano este partido presentou unha serie de mocións para que se levasen a cabo unhas actuacións ao longo dos dous seguintes exercicios, e indica que o actual Goberno no seu momento votou a favor, e entre esas actuacións hai un total de cinco que indica que propoñen aquí por case 400.000€, indica que eles están cumprindo a súa parte.

O Sr. González continúa dirixíndose ao BNG e ao Partido Socialista dicindo que mentir está mal e feo, xa que indica que nunha reunión de xunta de voceiros de fai un mes e medio indica que el fíxolles a proposta de que tiñan que falar dos remanentes e a súa resposta foi que agora non era o momento e que xa falaríamos despois do pleno de outubro. Despois volvemos a falar, onde o voceiro de Partido Socialista dixo que non era o momento e a voceira do BNG reuniuse co Goberno o 10 de novembro porque nos fai unha serie de propostas, propostas que se limitan ou teñen que ser collidos polo POS 2020, entre elas; P.A.I. acometer as obras necesarias no antigo Colexio Cruceiro de Roo para proceder ao traslado do P.A.I. e unha serie de actuacións para a mellora de espazos públicos.

Indica que nesa reunión están dispostos a recoller esas actuacións pero que o BNG indica que non é momento de falar dos remanentes. Indica o Sr. González que se non se fala agora dos remanentes, cando se vai falar? E prosigue dicindo que isto non hai quen o entenda, que levan anos os concellos que se lle libere a posibilidade dos remanentes. Se non podemos utilizar os remanentes cando nos autorizan a facelo, cando o imos a facer? No 2023? Indica que lle parece unha contradición, que non permitan que se fagan certas obras e que non o comprenden e que iso se financie con recursos doutras administracións pero queremos ir para diante para non depender doutras administracións. Indica que son os responsables de que non se vaian a investir 800.000€ aproximadamente en Outes. A verdadeira razón que os leva a enmendar esta proposta e a votar en



contra de gran parte dos investimentos é que consideran que non era o momento. Indica que o que preocupa á oposición é que o grupo de goberno puidera apuntarse un tanto con estas obras e o que é máis triste non lle fan un feo ao grupo de Goberno senón a cidadanía de Outes e os veciños de Outes.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que non tardou o Sr. Alcalde nin dez minutos o que prognosticou na última parte da intervención e indica a Sra. Molinos que vai a repetir de novo que para que se entenda ben e que non se terxiverse a postura, o noso grupo non se está negando a que se acometan as obras que vostedes propoñen, senón que queremos que se fagan pero con outra vía de financiamento. Que quede claro isto para que non teñamos que ver en ningún medio de comunicación nin nas redes sociais que se diga que non se puideron facer estas obras por culpa do PP, cando non é así en absoluto, cando lles estamos dicindo que teñen outras vías e hai outras opcións e hai outros recursos que poden aproveitar para facelas e estas obras non van quedar sen facer, pódenas facer vostedes por outra vía. Os responsables de que non se chegue a un acordo hoxe son vostedes, xa que, non é verdade que chamasen aos grupos da oposición, parece ser que si chamaron a parte dos grupos da oposición con antelación pero a nós para negociar un tema tan importante como é este chamáronnos o xoves anterior a que vostedes convocaran a Comisión Informativa que foi o luns. É dicir, chamáronnos para cubrir o cupo e para dicirnos que ían facer iso, porque indica a Sra. Molinos que xa lle explicará a capacidade negociación que se pode ter dende o xoves pola noite ata o luns pola mañá en canto a poder facer algún proxecto ou a poder facer algunha proposta, ou facer algo ao respecto. Parece ser que chamaron aos grupos de oposición antes e xa lle vale non contar co principal grupo da oposición que ten 5 concelleiros como vostedes e que representamos a tantos veciños como vostedes practicamente. Indica que o resumo feito polo Sr. Alcalde non está ben feito, nos non nos negamos a facer ningunha obra queremos que se fagan por outras vías. Deixar claro deixar claro que queremos que se fagan e que hai formas, métodos e recursos para poder facelas, hai outras opcións. Así como que non houbo diálogo.

Toma a palabra o voceiro do BNG o Sr. Núñez que indica que o Sr. Alcalde non escoita nada do que se lle dixo e que na intervención anterior expúxose perfectamente e con pleno detalle o porqué desta situación. O BNG non vota en contra de ningunha obra, o que estamos facendo é unha boa xestión dos recursos dos veciños. Indica que estas obras deben de ir ao POS, o remanente habilitouse para facerlle fronte á crise que estamos a vivir e destas obras que vostede apuntou e que son propostas do BNG, por suposto que queremos que se fagan pero teñen que facerse cos recursos adecuados para estas obras. Téñense que



facer pola vía pola que se teñen que facer e por iso no seu momento falamos con vostedes e as propostas que vostede acaba de enunciado eran para o POS e presentamos esta enmenda para que as cousas vaian por onde teñen que ir.

Vostede vai poder facer as obras outra cousa é que vostede non as queira facer, pero pode facelas porque teñen recursos e as vías adecuadas para facelos. Esperamos que as que van facer non queden no tinteiro. Reiteramos que falamos para o POS non para os remanentes, porque ademais está todo o remanente do 2021 para facer modificacións de crédito e podemos falar pero para cuestións urxentes, para solucionar cuestións dos veciños e aforrar desgustos a familias do noso Concello. Pensamos que queda clara a nosa intervención inicial e indica que o Sr. Alcalde non manipule a realidade e dicir as cousas como son e asumir que cando alguén obra mal e cando un Goberno non chega ao diálogo as cuestión non saen como deben.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que será breve e comeza a súa intervención indicando que quedou cunha frase do Sr. Alcalde que dixo que “o Goberno fixo o que tiña que facer” indica que efectivamente chamouno por teléfono e o diálogo faise e os acordos plásmanse nun papel e non ao revés, porque vostede xa tiña o papel preparado antes de falar co Partido Socialista, porque xa tiñan pensado gastar un millón e pico de euros antes de falar co Partido Socialista. Reitera que o diálogo faise e que os acordos plásmanse despois, ese era o seu diálogo o goberno pensa que fixo o que tiña que facer e o Partido Socialista tamén.

Toma a palabra o Sr. González que diríxese á Sra. Molinos que fai referencia a que o PP quere que se fagan esas obras e que se queren que se fagan téñeno moi fácil, votar en contra de esta enmenda e voten o acordo inicial. Diríxese ao Sr. Núñez e indica que o argumento de que unhas obras pódense financiar co POS e outras non é peregrino e indica que lle explica unhas pódense financiar con remanente e outras teñen que agardar ao POS, ten algunha explicación? Indica que o dubida. Diríxese o Sr. Alcalde ao Sr. Caamaño que lle indica que menos mal que recoñece que faláron e que indica que sabe que lle plantexaron a posibilidade de pechar a proposta e que non minte e o que o Sr. Caamaño dixo é que non era momento de falar dos remanentes e fai a pregunta en alto o Sr. Alcalde, se non é o momento de falar dos remanentes cando se fala? Cando non se nos permite utilízalos?.

VOTACIÓN Á INTRODUCCIÓN DA ENMENDA



Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos en contra

PP: 5 votos a favor

BNG: 1 voto a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

DEBATE

Presenta o novo acordo coa enmenda engadida. Indicando por parte da Secretaria o procedemento a seguir a continuación. Toma a palabra o Sr. González para indicar que o que se vai votar a continuación é que as actuacións que se van a desenvolver pasan a ser outras por un importe de 643.000€ e que son as que indicou o portavoz do BNG.

Toma a palabra a Sra. Molinos indica que o teñen sorprendidos, xa que lle pediron propostas todos menos a eles.

O Sr. González responde á Sra. Molinos que lle dixo ao principio que hai un ano crearon un acordo polo cal nos comprometiamos a incluír nos distintos plans que houbera ao longo de dous exercicios unha serie de actuacións que vostedes propuxeron e nós estamos cumprindo a nosa parte.

Indica o Sr. González que se está a debater o acordo coa enmenda incorporada.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que se reuniron para falar do POS non dos remanentes e reitera que ten o Sr. Alcalde a partir de agora e ata o 31 de decembro de 2021 para facer algunha modificación de crédito consensuada, como se debe de facer e pensan que o mellor exemplo para describir cal é a proposta de diálogo do Goberno local é a contestación que vostede lle fixo ao voceiro do BNG na Comisión de Contas pasada, fai unha semana, cando procedía a facer as preguntas para falar da proposta que agora estamos votando. Indica que a contestación do Sr. Alcalde foi: cala a boca, non imos abrir un diálogo, aquí mando eu, esas foron as súas palabras e iso resume perfectamente cal é a proposta de diálogo por parte do Goberno.

Toma a palabra o Sr. González que indica que trata de ser moi respectuoso cando intervén nas Comisións e nos Plenos porque lle teño respecto a este Pleno e porque así entendo a política. Indica o Sr. Alcalde que o voceiro do BNG debería ter claro que non temos máis posibilidades de traer unha modificación de crédito



porque ten que entrar en vigor antes do 31 de decembro e vostede o sabe e se non o sabe, unha modificación de crédito unha vez aprobada ten que publicarse no BOP durante 15 días hábiles á exposición ao público e os tempos non dan e polo tanto non imos poder traer outra modificación de crédito ata que este liquidado o orzamento de 2020 que será en abril de 2021 e isto é así.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 1 voto a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto favor

ACORDO

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Considerando a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito ou é insuficiente e non ampliable no vixente Orzamento da Corporación, e dado que o Concello dispón de remanente líquido de Tesouraría, faise precisa a modificación de créditos de devandito Orzamento baixo as modalidades de crédito extraordinario e de suplemento de crédito.

Visto que o expediente que se propón para a súa aprobación versa sobre unha modificación do Orzamento vixente mediante crédito extraordinario por un importe total de 1.485.521,95€ euros e suplemento de crédito por un importe de 40.000,00 euros.

Visto que se emitiu Memoria de Alcaldía na que se especificaban a modalidade de modificación de crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Visto que se emitiu informe de Intervención polo que se informou favorablemente a proposta de Alcaldía e elaborouse Informe de Intervención sobre Avaliación do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

Vista a documentación incorporada ao expediente, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,



aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propoño ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 869/2020, do Orzamento en vigor, na modalidade de Crédito extraordinario 1/2020 e suplemento de crédito 2/2020 pola cantidade total de 1.525.521,95€, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo ao seguinte detalle:

APLICACIÓNS DE GASTOS

Aplicación		Descrición	Crédito extraordinario 1/2020	Suplemento crédito 2/2020
Progr.	Económica			
134	22706	Elaboración do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) do Concello de Outes	14.520,00€	
151	22706	Modificación do PXOM do Concello de Outes para a reubicación do solo urbanizable industrial	17.545,00€	
160	21300	Limpeza de 8 pozos de bombeo fecais	5.650,70€	
160	60900	Saneamento Quintela e Ousende	153.719,30€	
160	60900	Entroque saneamento de Brión de Abaixo a colector xeral	16.798,87€€	
160	61900	Mellora saneamento no Cruceiro de Roo (cruce igrexa a	46.528,84€	



		colexio)		
160	63200	Reforma a mellora de EDAR de Outes	325.136,57€	
160	63200	Reparación de EDAR de Cando	47.354,97€	
161	61900	Ampliación rede de abastecemento na Avda. San Pedro de Serra de Outes	8.073,67€	
171	61900	Arranxo dos paseos marítimos de Porto do Freixo e Broña	45.193,81€	
171	63200	Subministración de cortacésped	5.399,00€	
321	62200	Punto de Atención á Infancia en Cruceiro de	169.198,76€	
321	63200	Ampliación de almacén no colexio de Outes	12.494,08€	
334	21200	Tratamento de fachadas na Casa de Cultura	10.443,58€	
334	63200	Mellora de auditorio da Casa da Cultura	18.980,68€	
341	21200	Pintado Náutico do Freixo	11.180,40€	
414	22706	Asistencia técnica aldea modelo	4.114,00€	
432	22602	Ordenación e promoción turística Publicidade e Propaganda (facturas sen crédito)	6.371,00€	



439	22799	Outras actuacións sectoriais. Traballos realizados por outras empresas e profesionais (facturas sen crédito)	2.541,00€	
439	47900	Complemento PEL-REACTIVA	0,00€	40.000,00€
454	21000	Camiños veciñais. Infraestructuras e bens naturais (facturas sen crédito)	1.173,95€	
494	63300	Reparación de reemisor de Entíns	6.005,13€	
912	62600	Instalación microfonado no salón de plenos	3.374,27€	
933	63200	Acondicionamento de sede do clube de remo Taxamar	35.841,47€	
933	63200	Acondicionamento de antiga escola de Tarás	36.868,34€	
1532	60900	Senda peonil para seguridade vial no acceso á piscina municipal de Outes	128.270,14€	
1532	61900	Pavimentación en núcleo Brión de Arriba e outros	78.357,70€	
1532	61900	Pavimentación rúa da Braña no Conchido e outro	50.695,99€	
1532	61900	Humanización rúa Doutor Esperante (Outes)	140.364,59€	
1532	61900	Pavimentación viarios en Pumar, Cures e	48.390,16€	



		Broña		
1532	61900	Arranxo do paseo fluvial de Serra	34.935,98€	
			1.485.521,95€	40.000,00€
TOTAL			1.525.521,95€	

APLICACIONES DE INGRESOS

Aplicación: económica			Descripción	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	87000	Remanente líquido de tesorería para gastos xerais	1.525.521,95€
			TOTAL INGRESOS	1.525.521,95€

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

4. Expediente 749/2020. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

O Sr. González expón a proposta de acordo que indica que o traen facer referencia a unha serie de facturas que aínda que se ben entraron en 2020 corresponden a servizos prestados en 2019 e a normativa obriga a que se aproben en Pleno. Procede o Sr. Alcalde á lectura das cantidades referidas na proposta de acordo.



Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que como xa manifestaron en outras ocasións consideramos que as facturas que se corresponden con traballos feitos e recoñecidos hai que pagalos e indica que é sabido que os que non están feitos non hai que pagalos.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que o BNG non ten nada que apuntar ao respecto.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que neste punto por enésima vez, o que o Partido Socialista está a favor de pagar facturas atrasadas polos servizos prestados, sen embargo e sabendo que vai ser aprobado indica que no informe da Interventora fala de gastos respecto dos cales se omitiu a función interventora e que nos remite ao expediente da mesma 651/2020 e no que di e que lee textualmente “O órgano interventor deduce que se incorreu nun suposto de omisión da función interventora e polo tanto de acordo co artigo 28 do Real Decreto 424/2017 non se pode recoñecer a obrigaición de tramitar o pago nin intervir favorablemente a actuación especificada ata que se coñeza e resólvese esta omisión”. Indica o voceiro do Partido socialista que parece que isto é algo habitual, moi recorrente e moi socorrido nalgúns tipos de prestacións que se fan no Concello, non vai dicir que sexan ilegais pero si “alegais”, o mellor é cuestións de licitar algunhas cousas aínda que teñamos que pagar un pouco máis pero estar dentro da lei. Por iso indica que a posición do Partido Socialista neste punto vai ser de abstención.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 1 voto a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

ACORDO

Visto que iniciouse procedemento para o recoñecemento extraxudicial de créditos tramitado co número 4/2020, que se contén nas relacións de facturas F/2020/33 por importe de 5.434,00 euros e F/2020/37 por importe de 4.343,41 euros, sendo que a suma total das dúas ascende a 9.777,41 euros, presentadas nesta



anualidade 2020 pero que se corresponden con prestación realizadas no exercicio 2019.

Visto o decreto con referencia 2020-0385 de convalidación de contratos menores.

Visto que se emitiu por intervención informe para valorar a viabilidade do recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron naquel ao que correspondían.

De conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento de 2020,

PROPOÑO Ó PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 4/2020, que se contén nas relacións F/2020/33 por importe de 5.434,00€ e F/2020/37 por importe de 4.343,41€, sendo que a suma das dúas ascende a 9.777,41€, presentadas nesta anualidade 2020 pero que se corresponden con prestación realizadas no exercicio 2019.

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2020, os correspondentes créditos con cargo ás aplicacións orzamentarias que se conteñen nas relacións F/2020/33 e F/2020/37.

5. Expediente 480/2020. Peche e Liquidación do Orzamento

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

O Sr. González introduce a conta xeral e expón a mesma mediante o acordo que presenta para á aprobación no Pleno da corporación. Indica que é un expediente moi longo, que a conta xeral xa foi ditaminada na Comisión e exposta ao público e polo tanto culmina o proceso coa aprobación da conta xeral. No detallado informe de intervención é un documento equivalente as contas xerais dunha empresa, danos conta da situación patrimonial do Concello polo tanto ten unha serie de contas e unha serie de contidos como o balance e os resultados patrimoniais. A situación que se observa é unha situación onde temos equilibrio patrimonial, temos remanentes de tesourería e unha situación onde o activo é superior ao pasivo por algo máis de catro millóns de euros. Do mesmo xeito dase



conta na conta xeral de que no ano pasado, no exercicio do 2019 produciuse un desequilibrio orzamentario que nos levou a incumprir as regras que agoranon están vixentes, derivados de distintos motivos. A previsión de ingresos non se correspondeu co que finalmente ingresamos e con os gastos máis elevados do previsto. Recalca a situación de equilibrio patrimonial que ten o Concello nestes momentos.

Toma a palabra a voceira do PP que indica que en primeiro lugar queren agradecer o traballo feito polo persoal de Intervención e Tesourería e demais traballadores que se implicaron en confeccionar este expediente en tempo e forma. Esta é a primeira conta xeral que lles corresponde a vostedes como gobernantes deste Concello e indica que lles gustaría poder felicitalos polos bos resultados porque se este fose bo tamén sería bo para os veciños de Outes, pero a realidade é outra moi distinta e non podemos darlle os parabéns por pechar as súas primeiras contas anuais cun déficit na caixa común de máis de 800.000€, situación de déficit que se da por primeira vez en moitísimos anos. Como xa lle comentamos no punto anterior, este ritmo de gasto que levan en tan pouco tempo sen que a súa materialización se vexa reflectida na vida dos veciños de Outes non creemos que sexa bo para o Concello, os cartos herdados non son eternos e non queremos nin imaxinar como van a estar estas arcas municipais en dous anos e medio cando os veciños decidan de novo quen os van a gobernar. De tódolos xeitos estas son as súas contas e os seus resultados e terán vostedes que responder diante dos veciños destes resultados que son precisamente eles os afectados da deriva económica que está levando o Concello.

Toma a palabra o Sr. Núñez, voceiro do BNG, que indica que nada teñen que dicir no aspecto técnico do traballo feito polos traballadores deste Concello e unicamente que nun ano e medio a xestión, visible, a mellora para a veciñanza foi inexistente e repite igual que levan nesta modificación de crédito non hai iniciativas que realmente axudaran a solventar os problemas de fondo do noso Concello e esperamos que nos vindeiros anos podamos falar de feitos positivos para a veciñanza de Outes.

O Sr. Caamaño indica que non vai facer ningunha alusión, xa que son as contas do Goberno e que saberán o que fan.

Toma a palabra o Sr. González que recorda que estase presentando a conta xeral do exercicio 2019 e simplemente recordar, dirixíndose ao PP, que eles gobernaron a metade do exercicio. Apunta varias cousas dirixíndose á voceira do PP que fala do déficit, hai unha previsión de ingresos superior de máis de trescentos e pico



mil euros e por outro lado as obras de superávit que vostedes aprobaron co superávit do 2017 conta tamén a efectos da estabilidade orzamentaria. Indica que hai unha explicación lóxica para estes resultados.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 1 abstención

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

6. Expediente 777/2019. Procedemento xenérico.

Favorable

Tipo de votación

- Moción do BNG:

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de Motivos:

O aumento e case normalización do xogo e das apostas está suscitando unha enorme preocupación social, así como o alarmante incremento da instalación de casas de apostas e salas de xogo por toda Galiza que crece amparada por unha lexislación laxa e obsoleta, a Lei do Xogo de Galicia do ano 1985, que xa non da solución as novas formas de comercializar os xogos de azar e apostas.

Ante o inminente cambio de lexislación, foron numerosas as solicitudes de concesión de licenza en distintos puntos da xeografía galega, e o retraso por parte do goberno de Feijóo na modificación desta lei propiciou de xeito evidente a proliferación das casas de apostas, das salas de xogo e a instalación das máquinas comecartos e de apostas en bares e cafeterías. O goberno galego reaccionou tarde e mal, xa vai tarde a tramitación dunha nova lei e tamén chegou



tarde a orde coa moratoria na apertura de novas salas, tendo actualmente autorizadas na Galiza 118 salas de xogo e 41 casas de apostas.

Para facérmolos unha idea da situación do negocio do xogo actualmente, bastaría con indicar que un dos grupos empresariais do sector manexa unha cifra de negocio de 564,76 millóns de euros anuais e outro dos grupos empresariais tivo de beneficio bruto de explotación no segundo trimestre do ano 2019 de 70,3 millóns

de euros. Tamén son indicativas as cifras que nos Orzamentos Xerais do Estado figuran nas previsións de ingresos aplicados no desagregado de tributos sobre o xogo (p.ex. en Santiago de Compostela era de 53.815.000 euros (525.000 euros en casinos, 9.019.000 euros en bingos, 41.049.000 euros en máquinas e 3.222.000 euros no resto)).

Mais a carón deste negocio xorden cifras que deben de alarmarnos:

-Na Galiza, hai un salón de apostas por cada 17.000 habitantes; e no Estado un por cada 12.000 habitantes.

-A idade media de inicio das persoas que acoden a pedir axuda por ludopatía é de 18,2 anos, o que significa que hai moitísimos mozos e mozas que comezaron a xogar sendo menores de idade.

-No 2010 xogaba online un 1,5% das persoas adolescentes, mentres que no 2014 xa o facía o 9%.

-Nos xogos de tipo presencial o gasto da poboación galega aumentou un 27%, dende os 1.100 millóns de euros de 2014, ata os máis de 1.400 de 2017.

-Existen 3.600 máquinas de apostas nos locais de hostalaría: un terzo máis das 2400 autorizadas pola Xunta de Galiza no Decreto 162/2012, do 7 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de apostas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o estudio 'Menores e xogo na comunidade galega', realizado durante o primeiro semestre do ano 2019 polo equipo do profesor da USC Antonio Rial Boubeta, case un de cada catro mozos e mozas menores de 18 anos apostaron algunha vez na súa vida. Ademais a investigación mostra que un 8% de menores recoñecen que apostaron durante o transcurso do último mes do estudo, o que revela que é unha práctica relativamente habitual para cerca de 10.000 menores en Galicia. Tamén recolle que un 22,6 % apostou de forma presencial (en bares, casas de apostas...) e o 7,1% a través da internet, dato que evidencia que apostan o triplo de menores de maneira presencial que online.



As modalidades de xogo máis habituais segundo o estudo, son as máquinas de apostas deportivas de bares e cafetería, constatando ademais que nun 80 % dos casos rexistrados non se pide identificación. Todo isto, provoca que case un de cada dez menores que apostan podería ter xa un problema de adición, o que supón un 2 % de toda a poboación adolescente galega. Unha das principais razóns é a consagración do xogo como unha alternativa de lecer feita a través da normalización do xogo na publicidade que anima a apostar nun sistema de xogo moito máis aditivo, sen pausas, con bonos «de balde» de entrada, e que detrás das apostas deportivas leva a outras como póker, casinos e bingos virtuais.

Esta realidade está a crear graves problemas sociais e de saúde pública entre os que cabe sinalar a adicción ao xogo por parte da mocidade. Ao que se pode engadir a incitación ao consumo de alcol por parte dos menores por seren máis baratas as bebidas nese tipo de locais.

Os locais de apostas supoñen un risco para a nosa veciñanza, sobre todo para os máis novos, e entendemos que a regulación destinada a eles debera ser tanto ou máis restritiva como a que se aplica ao tabaco ou o alcohol, xa que teñen un efecto devastador na vida das persoas: adicción, endebemento, illamento, desestabilización de familias, problemas académicos, laborais, económicos, sociais e/ou legais asociados á dependencia.

Como calquera outra adicción, os efectos van máis alá da persoa, xerando na súa contorna un espazo de conflito: roubos e discusións coa familia, distanciamento das amizades, roturas de parella, baixo rendemento ou abandono centro de estudos ou traballo... Efectos parellos aos que puido causar a heroína nos anos 80e 90, destrutora de varias xeracións. Como dato, constátase nos últimos anos o aumento da cantidade de débeda por ludopatía nas familias afectadas: no 2016situábase en 14.376€ e no 2018 estaba xa mil euros máis por riba.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar a Xunta de Galiza a consensuar, con urxencia, unha nova Lei do Xogo de acordo cos grupos políticos presentes no Parlamento galego e coas entidades que traballan na rehabilitación de persoas con adiccións sen substancia e ludopatías.

2. Instar a Xunta de Galiza a considerar as asociacións específicas dedicadas á



rehabilitación a persoas con adiccións sen substancia e ludopatías como centros de referencia de tratamento que permitan a detección e derivación temperá por parte dos facultativos e outras/os profesionais a estas entidades.

3. Prohibir a publicidade sobre apostas (tanto casas de apostas, apostas online e demais formas de xogo) en instalacións municipais e demais soportes dependentes do Concello.

4. Iniciar dende o Concello unha campaña para informar das consecuencias dos xogos de apostas tendo en conta o dano que causan, especialmente entre a mocidade, e como afectan á economía e á vida das persoas e da súa contorna.

5. Organizar, en colaboración coas ANPAs e as direccións dos centros de ensino e entidades: charlas e obradoiros para a prevención de ludopatías e outras adiccións sen substancia.

6. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, aos grupos parlamentares e á Delegación do Goberno español na Galiza.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que o seu grupo é consciente dos problemas derivados da ludopatía que se sexan na nosa sociedade actual e o goberno galego está a traballar na elaboración nunha nova lei de xogos de Galicia que se pretende axustar á normativa existente na materia coa realidade actual introducindo entre outros aspectos maiores controis nos accesos por parte de menores, maiores restricións en materia de publicidade no xogo presencial, actualización do réxime sancionador, medidas de planificación dos establecementos de xogo así como tamén principios rectores da actividade como principio de protección de menores de idade, das que teñan reducidas as súas capacidades e as que teñan problemas de adición ao xogo ou outro principio de transparencia no desenvolvemento dos xogos recolle tamén este proxecto políticas de xogo responsables nas que se combinen accións preventivas dirixidas á sensibilización, información e difusión das boas prácticas en materia de xogo así como os posibles efectos que unha práctica non adecuada do xogo poida producir.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que sen dúbida a ludopatía é unha enfermidade da nosa sociedade e unha lacra que medra cada día, e máis hoxe coa posibilidade que temos de apostas por internet, creemos dende o Partido



Socialista que deberíamos facer algo e estamos de acordo coa proposta do BNG.

Toma a palabra Sr. González que indica que dende o grupo de Goberno comparten a preocupación pola ludopatía e en particular porque está afectando a xente máis nova e porque non hai un control sobre estas actividades e anuncia o seu voto a favor da moción.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 1 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

- **Moción do BNG:**

A Plataformas Comarcais de Emigrantes Retornados de Arousa Norte e de Muros-Noia integrados na Coordinadora Nacional Galega de Emigrantes Retornados (e-mail: asociación.marusia@gamil.com), dirixímonos os grupos políticos da Corporación do Concello de Outes para que, se teñen a ben, apoien a seguinte Moción de apoio a este colectivo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os colectivos das/dos emigrantes retornados galegos levamos anos loitando conta o inxusto trato que o goberno central vén aplicando na tributación das pensións dos emigrantes que retornaron á súa terra. Dende comezos do 2013 fomos agrupando os nosos esforzos a través de numerosas plataformas comarcais co fin de reivindicar xustiza e dignidade.

Somos milleiros de galegos e galegas, que, despois de ter que emigrar na procura de traballo e de oportunidades que nos permitiran acadar para nós e para as nosas familias un mellor futuro, decidimos volver a Nosa Terra, reencontrarnos cos nosos e pasar aquí os últimos anos da nosa vida. Mais, dende fai anos, as decisións do goberno central, para aumentar a súa recadación, pretenderon situarnos como defraudadores, esixindo requirimentos inxustos con carácter retroactivo, a partir do 2012, cando sempre nos dixeron que non estabamos obrigados, como estaba explicitado nos convenios bilaterais da maior parte dos



países europeos.

A gran mobilización social conseguiu que moitos emigrante recuperaran o perdido por medio da disposición adicional da lei 26/2014, pero aínda hoxe continúan existindo graves problemas de inxustiza fiscal derivados da aplicación da lei 35/2006, que regula o imposto sobre a renda das persoas físicas, que é necesario modificar para acadar un trato xusto. Precisamos que se estipulen normas claras, precisas e, sobre todo, xustas e igualitarias para a tributación das pensións percibidas no estranxeiro. Sería moi necesario tamén que se poña como punto e final aos graves problemas derivados da inexistencia dun marco clara para o recoñecemento das pensións de invalidez, recoñecidas e pagadas polos países outorgantes e non recoñecidas aquí, só con fin de recadar a conta das desgrazas dos emigrantes; cando estamos pedindo que os nosos títulos e certificados sexan recoñecidos noutros países, aquí non queren recoñecer os de outros, que son os pagadores.

En xaneiro de 2020, o noso colectivo contempla esperanzado o acordo impulsado polo BNG para votar a favor da investidura de Pedro Sánchez, onde se recolle literalmente “Durante o 2020, serán adoptadas as medidas necesarias para evitar que as prestación recibidas do estranxeiro por emigrantes retornados sufran unha dobre tributación, co obxectivo de evitar calquera trato discriminatorio entre a prestación interna e a estranxeira. Asemade, tratarase o prexuízo para os pensionistas, tanto na aplicación de limiares diferentes de renda para tributar no IRPF, como na circunstancia de recibir rendas de dous pagadores diferentes. Establecerase un marco homoxéneo para toda as pensións, contemplando as exencións de presentar as declaración do IRPF e tributación a partir das mesmas cantidades que as pensións internas”.

Neste ano 2020, desgraciadamente todas e todos sufrimos a pandemia do conoravirus, que se cebou especialmente cos máis maiores e paralizou as nosas vidas. Dende o colectivo de Emigrantes Retornados somos conscientes de que seguimos vivindo tempos difíciles e, por responsabilidade, non estamos a desenvolver a nosa actividade habitual de manifestacións e grandes actos. Somos persoas de alto risco, e iso impide, nestes momentos, desenvolver o dereito a saír ás rúas reclamando os nosos dereitos. Isto non pode significar que a nosa loita deixe de estar activa, pois seguimos sen solución e agora que temos que aprender a vivir coa pandemia, non podemos seguir agardando. Este é o motivo polo que nos diriximos a este Concello para que se asume ás nosas demandas e axude a que a pandemia non silencie as nosas necesidades, dirixíndose ao Goberno Central e ao Congreso dos e das Deputados para pedir a



pronta aplicación do acordo asinado en xaneiro.

Por todo isto, pedimos a esta Corporación o voto a favor do seguinte

ACORDO

O pleno do Concello de Outes acorda expresar o seu apoio ás demandas do Emigrantes Retornados, asimilar como propias e dirixirse ao Goberno Central, particularmente ao Ministerio de Facenda, así como ao Congreso das e dos Deputados, para esixir atención ás necesidades deste colectivo e acelerar a cumprimento do compromiso de adoptar, durante o 2020, as medidas necesarias para evitar que as prestación recibidas do estranxeiro sufran unha dobre tributación, co obxectivo de evitar calquera trato discriminatorio entre as pensións internas e as do estranxeiro. Asemade, tratarase o prexuízo para estes pensionistas tanto na aplicación de limiares diferentes de renda para tributar no IRPF, como na circunstancia de recibir rendas de dous pagadores diferentes. Establecerase un marco homoxéneo para toas as pensións, contemplando as exencións de presentar a declaración do IRPF e tributación a partir das mesmas cantidade que as pensións internas.

DEBATE

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que o artigo 31 da CE di que todos contribuirán ao sustento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade que en ningún caso terá carácter confiscatorio, sabemos que o impostos sobre as rendas independentemente de onde procedan as mesmas, páganse no lugar de residencia, o noso sistema tributario establece obriga de tributar igual para todos os españois pero a xestión deste imposto pode xerar distorsións no que é na súa aplicación sobre todo no que se refire ás rendas que proveñen do estranxeiro. Pois ben, todos os que vivimos nunha mesma sociedade e desfrutamos duns mesmos servizos debemos contribuír por igual segundo as regras fiscais independentemente de onde veñan as rendas, no seu momento aprobouse por unanimidade no Parlamento de Galicia unha proposición non de lei que pedía que as persoas residentes en España e que estaban percibindo renda no estranxeiro non foron tratados como defraudadores, que non se lle cobrasen multas e que non os trataran pedindo o pago inmediato senón facendo apartamentos da conta tributaria, aprobándose o proceso de regularización neste senso dende xaneiro de 2015 para os pensionistas retornados.



Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que dentro da súa capacidade e da súa ignorancia sobre o asunto visto dunha forma xeral, despois do traballo que pasaron estas persoas polo mundo adiante e visto que aquí na súa terra non tiñan unha saída laboral e que agora que volven deberíamos aplaudirilles, non só por deixar o noso selo polo mundo adiante senón sobre todo por voltar, por regresar a disfrutar nos seus derradeiros anos da súa terra. Indica que dende o Partido Socialista un aplauso para eles e un voto para vostedes.

Toma a palabra o Sr. González que indica que o grupo de goberno son coñecedores das demandas dos Emigrantes Retornados e das complicacións fiscais que afrontan por unha situación diferente das persoas que non emigraron, producíndose situacións como as que se apuntan de dobre tributación e outros problemas semellantes e parécenos adecuado que haxa un marco regulatorio que recolla estas circunstancias e que sexan tratados os nosos veciños de forma xusta. Avanza o voto a favor do grupo de Goberno.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 1 voto a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

- Moción do PP:

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Outes e no seu nome a voceira do mesmo María Beatriz Molinos Vidal, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, somete á consideración do Pleno desta Corporación, para o seu debate e aprobación a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A estrada que comunica os núcleos de Entíns e Fontenlos, ambos na parroquia de Santa María de Entíns está encaixada, na maior parte do seu trazado, nunha antiga corredeira que discorría nunha cota mais baixa que ambas beiras da mesma, esta circunstancia xunto coa estreitura da plataforma viaria actual fai



que a circulación pola mesma se vexa dificultada cando se encontran dous vehículos, xa que non é posible que se crucen con normalidade, porque non caben, nin que aparten para unha beira porque tampouco hai espazo, co que cando se da esta casuística un dos vehículos ten que retroceder marcha atrás en ocasións mais dun centro de metros. Isto sucede con frecuencia, xa que é a vía por onde normalmente se accede a Fontenlos (ambulancias, autobús escolar, butano, panadeiros e demais servizos, xunto cos particulares).

Na actualidade, ademais do que se describe, a estrada presenta un estado lamentable debido á falta de limpeza da plataforma, no que último ano veuse afectada por varios desprendementos de terreos sobre ela. Nestes meses cortáronse árbores en varias fincas adxacentes, proceso que tamén contribuíu ai deterioro da mesma.

Todo o anteriormente exposto supón unha gravísima situación de inseguridade vial que sofren a cotío os veciños de Vilar de Entíns e mais de Fontenlos así como todos aqueles que se acheguen a eses núcleos.

ACORDO:

1.- Que o Goberno Municipal tome de inmediato as medidas necesarias para limpar e adecentar as beiras e a plataforma desa estrada.

2.-Que o Goberno Municipal, proceda de inmediato ao comezo dos trámites para efectuar o ancheamento e arranxo da plataforma dotándoa das solucións construtivas precisas de maneira que calquera vehículo poida acceder de maneira

Segura ao núcleo de Fontenlos a través desa vía.

DEBATE

Toma a palabra o voceiro do BNG o Sr. Núñez que indica que son coñecedores do problema así como semellantes outras parroquias do Concello e que neste caso están de acordo coa proposta do PP e que entenden que tamén hai outras situacións no Concello que se lles podía estar dando solución e instamos ao goberno para que as solvente.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que unha das proposta do Partido Socialista que presentou ao grupo de Goberno para o POS 2020 foi a ampliación e asfaltado da estrada dende o Cruce de Entíns ata a



entrada de Fontenlos e consta que o sabía. O grupo de CO non estivo moi comprometido, non o incluíu no POS. O Partido Socialista segue comprometido e por suposto que vai a estar a favor da súa moción e esperemos que o grupo de goberno nos teña así en consideración.

Toma a palabra o Sr. González que indica que o grupo de goberno con respecto a calquera actuación que vaia destinada á mellora dun vial público parécenos ben e indica que trataran de metelo nos plans procedentes o antes posible pero non sabe cando, xa que se acaba de desestimar aprobar cos remanentes 800.000€ para obras polo que non sabemos cantos plans imos necesitar para levar a cabo ditas obras, seguramente sería mais doado se tiveramos aprobado esas obras no remanente.

Indica a Sr. Molinos que na moción hai dous acordos e sinala os mesmos.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 1 voto a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

C) ROGOS E PREGUNTAS

- **PREGUNTAS**

- **DO PLENO ANTERIOR:**

- **Do PP:**

PREGUNTA 1. No Pleno ordinario de outubro do 2019 acordouse que o goberno realizaría a valoración económica, antes do 31 de marzo do 2020, de varias actuacións presentadas polo noso grupo en diferentes localizacións do Concello. O



caso é que un ano despois de que se tomase este acordo e sete meses despois de finalizar o prazo que vostedes se comprometeron aínda faltan por facer a valoración de seis desas actuacións. Certo é que o 27 de xullo deste ano cando nos fixeron chegar algunhas desas valoracións dixéronnos que as que faltaban estarían nuns poucos días, pero tres meses despois eses poucos días aínda non chegaron. Ten o goberno municipal a vontade de cumprir co acordo plenario aínda que evidentemente o faga con retraso? De ter esa vontade, cando podemos ter esas valoracións?

Contesta o Sr. González que o Goberno ten a vontade de presentar esas valoracións, que de feito faltan tres ou catro, e para que se executen esas obras por iso catro desas obras ou cinco propuxémolas e vostedes decidiron que non. Entón temos toda a vontade e esas valoracións trataremos de trasladalas o antes posible.

Indica a Sra. Molinos que reitéralle que o PP ten a vontade que se fagan doutra maneira e faltan varias actuacións que non dan chegada a tempo.

PREGUNTA 2. O pasado 21 de setembro en nome do grupo municipal do PP enviei unha petición ao goberno municipal a través da sede electrónica do Concello para que se nos dese acceso ao proxecto modificado da obra “Arranxo do local social de Viladomonte”, a día de hoxe, pasado máis dun mes, o autoproclamado goberno máis transparente do Concello de Outes aínda non se dignou a facer algo tan fácil como enviar un arquivo a un correo electrónico. Esa transparencia e participación da que fan tanta gala está resultando máis de boquilla que de feitos. As nosas preguntas son as seguintes: Hai algunha razón para que non se nos dea acceso a ese documento? E se a hai, cal é? Se teñen pensado facilítanolo, cando o farán?

Contesta o Sr. González que indica que si que tardaron en darlle ese documento e foi un esquecemento e que temos constancia de que se lle enviou fai 10 días e senón mañá o confirmarei coa persoa que o enviara. Debería de estar enviado.

Indica a Sra. Molinos que non fai falta que o confirme, si que llo enviaron o xoves 19 de novembro, dous meses despois do 21 de setembro que foi cando o pedín, espero que tampouco se lle esquezan outras cousas.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que entón podería plantexar a pregunta e nesta dicir que tardamos pero que a enviamos. Ao que a Sra. Molinos responde que esa pregunta está feita fai un mes e lina tal e como se presentou.



PREGUNTA 3. Na relación de facturas F2020/30 de data 30.09.2020 e noutra do 01.10.2020, figuran dúas facturas, unha con data de entrada do 08.08.2020 por valor de 2.500, 83 € e outra con data de entrada do 06.09.2020 por valor de 1.089 €. No texto explicativo consígnase a “variación inicial terapeuta ocupacional a domicilio debido ao peche do centro de día polo COVID-19”. Queriamos saber a que se refire exactamente ese texto e cal foi concretamente o servizo prestado.

Contesta o Sr. González que este servizo que se prestou durante o peche do centro de día para os usuarios e as familias cuidadoras dos usuarios que habitualmente usan o centro de día. Foi un servizo destinado ao acompañamento os usuarios, taller de estimulación cognitiva, ximnasia de mantemento, desenvolveuse nos meses de xullo e agosto e atendéronse un total de 10 persoas que son usuarios do centro de días e hai unha variación inicial porque a terapeuta ten que facer unha valoración inicial de como se ten que prestar este servizo.

Na mesma factura hai dous epígrafes no que pon avaliación especial e abaixo pon avaliación prestación do servizo e é por iso que a avaliación inicial é ese importe.

PREGUNTA 4. Nos orzamentos que se aprobaron para o ano 2020, que se aprobaron con varios meses de retraso no Pleno extraordinario do 17.06.2020, consignaron vostedes no capítulo 6 de investimentos para este ano tanto o correspondente ao POS + 2019 como ao POS 2020, dando a falsa impresión de que os investimentos medraron moitísimo con respecto aos do ano anterior. A día de hoxe finalizado o mes de outubro non temos noticias de que se sacara ningunha licitación correspondente ao POS 2020 para poder executalas neste ano e darlle validez ao capítulo 6 desas actuación. Cando van sacar esas licitación?

Contesta o Sr. González que vense sacar canto antes e que é certo que nos últimos tempos o Concello de Outes está tendo unha tarda importante en canto a licitacións e quero recordar que no primeiro semestre de 2020 o Concello de Outes foi o décimo quinto de Galicia e o segundo da comarca en obras licitadas e isto implica que houbo que resolver esas licitacións e houbo retrasos importantes á hora de sacar licitacións e vamos a intentar canto antes licitar esas obras do 2020.

PREGUNTA 5. No Pleno extraordinario do 17.06.2020 aprobáronse as bases reguladoras para a concesión de medidas de urxencia das axudas económicas para o mantemento da actividade económica e o emprego no Concello de Outes debido a crise provocada pola COVID-19. No Pleno do 30 de xullo o noso grupo preguntoulle cando as ían publicalas no BOP e cando os afectados ían poder acceder a eses cartos. No Pleno de agosto contestáronos que se publicaran o 26 de agosto, mes e medio despois do que o podían ter feito, que había que agardar 30 días para



publicar a convocatoria, agardaron vostedes un mes máis e publicárona no BOP deste pasado 27 de outubro e que no mes de outubro se farían efectivas. Mañá remata outubro e fóronse acumulando os retrasos e o que vostede dixo non se cumpriu e os empresarios e autónomos afectados aínda non puideron materializar esas axudas. En vista de que vostede dixo en outubro queremos volver a preguntarlle ao goberno municipal esperando que o que conteste desta volta sexa certo. Para que data os beneficiarios destas axudas van poder dispoñer de maneira efectiva das mesmas?

Contesta o Sr. González que dixeron que en outubro estaría feita a convocatoria destas axudas agora estivo a convocatoria aberta e rematou o 17 de novembro estase analizando os expedientes e requirindo a documentación que se precisa e agardamos que os vindeiros días ou semanas se procedan a pagar esas axudas, xa que hai un procedemento administrativo que cumprir.

Reitera a Sra. Molinos que o que indicou o Sr. González no seu momento foi que en outubro pensaba telas pagadas, os cartos na man dos beneficiarios.

Indica o Sr. González que saiban os empresarios e os autónomos que van a ter esas axudas aprobadas polo Concello de Outes.

- **Do BNG:**

PREGUNTA 1. Cando van poder dispoñer os beneficiarios das axudas que vostede tanto publicitou van ter por fin acceso a eles?

Indica o Sr. Núñez que dita pregunta xa a dan por contestada pola resposta anterior.

PREGUNTA 2. Relativo ao tema dos parque eólicos, vostede veuse obrigado tras unha moción deste grupo a contratar unha asesoría xurídica para a defensa dos intereses dos veciños, chegounos información por parte dalgúns dos afectados, de que esa asesoría xurídica lles dixo que non ten máis servizos contratados co Concello de Outes. Polo tanto, queremos saber si isto é verdade e que nos diga claramente cales foron as condicións nas que se contrataron esa asesoría e para que, en que tempo e en que forma.

Contesta o Sr. González que o servizo que se contratou foi a asistencia xurídica do Concello nesta materia incluíndo a relación dos escritos polo tanto das alegacións, polo tanto este foi o traballo que desenvolveron xunto con varias reunións cos afectados que tiveron a ben vir as mesmas. Ese traballo de elaboracións de



alegacións xa está feito, xa leva tempo feito porque dispoñemos dos proxectos de fai tempo. Hai un continuo diálogo entre o Concello e as plataformas e estas son intermediarios entre os afectados e os veciños, polo tanto, nós simplemente dicir que calquera veciño que teña calquera dúbida ou calquera cuestión pode dirixirse ao Concello e trataremos de resolvela.

- **PREGUNTAS PRESENTADAS PARA O PRESENTE PLENO POR ESCRITO:**

- **Do PP:**

1ª. PREGUNTA

Está finalizando o mes de Novembro e non sabemos nada do estado en que se encontra a confección do expediente máis importante do Concello, referímonos ao Orzamento Municipal 2021 que debe servir de base e rexer o funcionamento de todos os aspectos da vida municipal durante o próximo ano. Consideramos que a estas alturas do ano o Goberno Municipal debería estar traballado neste asunto para que Outes conte, como sería normas e desexable, dende o primeiro día do ano 2021 co seu correspondente Orzamento anual.

Neste momento o Orzamento 2021 non está proposto para a súa aprobación en Pleno e semella que tampouco deseñado, polo que as nosas preguntas son:

- ¿Está o Goberno Municipal traballando neste asunto?
- ¿De ser así, en que fase se encontra este Documento?
- ¿Cando estimas que entrará en vigor o Orzamento Municipal correspondente a o ano 2021?

Contesta o Sr. González que o Goberno está traballando no mesmo e estamos na fase de traballo fundamentalmente técnico entre outras cousas para saber a canto se eleva a partida fundamental dos Orzamentos que son os gastos de persoal, hai que valorar as subas derivadas dos convenios e acordos cos traballadores e vai rematar nos primeiros días e posteriormente continuar coa elaboración deste documento.

Estimamos que posiblemente poidamos presentalo en Pleno antes do 31 de decembro deste ano e cando entrará en vigor depende do que aprobe o presente Pleno.

- **PREGUNTAS ORAIS PARA ESTE PLENO:**



- **Do PP:**

PREGUNTA 1. No mes de xullo pasado publicouse no xornal da Voz de Galicia a firma dun convenio de colaboración entre a entidade Microbank dependente de Caixabank e o Concello de Outes coa finalidade da creación de liñas de crédito para basicamente axudar a emprendedores, autónomos e microempresas do Concello.

1.- Cantos emprendedores, microempresas ou autónomos de Outes solicitaron ser beneficiarios deste convenio e cantos se teñen xa beneficiado del? ¿Que tipo de liña de crédito se lle concedeu?

2.- Cales son as implicacións do Concello nestes créditos?

PREGUNTA 2. No pasado Pleno do outubro o Concelleiro de Deportes manifestou que dende xuño de 2019 a setembro de 2020 se levaba gastado na piscina municipal 21.000€ en arranxos e a nosas preguntas son:

1.- Cales son os conceptos que se corresponden con eses arranxos?

2.- Eses arranxos solucionaron as deficiencias polas que foron feitos? E de non ter solucionado algunhas desas deficiencias, ¿cales foron?

- **Do Partido Socialista:**

PREGUNTA 1. Facendo referencia á moción aprobada no Pleno de outubro con respecto a iniciar conversas co Concello de Mazaricos para a declaración do espazo natural de interese local. Falaron vostedes co Alcalde de Mazaricos?

7. ROGOS.

- **Do PARTIDO POPULAR:**

ROGO 1. A Fonte de San Xoán na parroquia de Roo é un lugar o que solen acudir as persoas que se achegan a Igrexa de Roo e dicimos adoitaban que non é posible xa que se encontra repleta de maleza. Rogamos ao Goberno que limpe e adecente ese lugar así como os camiños que chegan a esa parroquia.

ROGO 2. As sinais dos cruces das pistas da parcelaria da Agrade Entíns seguen o mesmo que fai tres meses cando lle pedimos por primeira vez. Pedímolles que solucionen este asunto e que non esperen a que semente o millo outra vez, o millo medre e que non haxa visibilidade na Agra de Entins e que se converta nunha pista



de cochitos de choque. As sinais que hai subindo de Áspera cara o cruceiro seguen na cuneta e tamén seguen na cuneta a que vai dende a Agra de Fontenlos ata o Areal.

ROGO 3. Varios veciños das áreas urbanas do Concello trasladáronnos as súas queixas pola falta de limpeza nas rúas, dicíndonos que incluso algúns deles chegou a limpar el mesmo algún tramo das beirarrúas polo mal estado no que se atopaban. Rogamos ao Goberno que melloren a limpeza das rúas urbanas do Concello.

- **Do Partido Socialista:**

ROGO 1. Rógolle que agora que están vostedes tomando medidas na circulación nalgunhas beirarrúas do Concello tomen tamén algunha medida na Costa da Grela na parroquia de Cando antes de que suceda algo.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Remata a sesión ás 22:05 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A grabación do Pleno é consultable no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=XX7xYxbNRZQ>

